

Tema 4 A PLENA IDADE MEDIA (S. XI-XIII). O RENACEMENTO URBANO

1. *Que cambios sucederon en Europa durante a Plena Idade Media? (páx. 106)*

Pois que aínda que o feudalismo mantívose, os reis intentaron recuperar o seu poder; progresou a agricultura; renaceron as cidades; xurdiu un novo grupo social, a burguesía; e renováronse as artes co xurdimento do gótico.

Os progresos agrarios

(páx. 108)

2. *Que sucedeu durante a Plena Idade Media coas actividades agrarias europeas? Por que? Cales foron as máis importantes?*

Durante a plena Idade Media as actividades agrarias europeas experimentaron un forte crecemento debido á progresiva difusión de innovacións técnicas. As máis importantes foron o arado con veso e a rotación trienal.

3. *Por que o arado normando ou de veso foi un adianto tecnolóxico,? Que vantaxes tiña con respecto o arado romano?*

O arado normando permitía remover e airear mellor a terra.

4. *Que necesitaba o novo arado tan pesado para ser movido?*

Necesitaba de rodas e ser tirado por cabalos.

5. *Explica en que consistía a rotación trienal. Que vantaxes tiña respecto á bienal anterior?*

A rotación trienal consistía en dividir a terra en tres partes, nas que dúas se plantaban e outra se deixaba en barbeito. Con isto só unha terceira parte da terra quedaba sen producir, mentres que no bienal era a metade.

6. *Que outros progresos agrarios houbo? Explicaos.*

Outras innovacións foron a coleira ríxida e a ferradura, que permitían traballar con cabalos, que eran máis efectivos que os bois, nas labores do campo. Ademais do emprego de ferramentas de metal que facilitabas as tarefas agrícolas e os muíños de auga, de gran efectividade e que liberaban man de obra para realizar outras tarefas agrícolas.

7. *Que consecuencias tiveron os progresos agrarios?*

Estes progresos tiveron como consecuencia o aumento da produción agraria, o que permitiu mellorar a alimentación, reducir os falecementos e, polo tanto, o crecemento demográfico; o incremento da superficie cultivada, o renacer das cidades e do comercio.

<https://www.youtube.com/watch?v=caCIMTOQjRE>

As cidades medievais

(páx. 110)

8. *Por que a partir do século XI recuperouse a vida urbana? Cal foi a principal causa?*

A causa principal da recuperación da vida urbana no século XI foi o aumento da produción agraria.

9. *Que ten que ver o aumento da produción agraria? Que dúas actividades se localizaban nas cidades?*

Os excedentes agrarios eran cambiados por outros artigos artesanais nas cidades, o que favoreceu o desenvolvemento do comercio e da artesanía.

10. Que tipo de cidades creceron nesta época? A cales afectou o crecemento urbano?

O crecemento afectou tanto a cidades antigas, xa de época romana, como a cidades de nova creación que xurdiron a partir de mercados.

11. Que eran os burgos? Quen son os burgueses?

Eran lugares onde se establecían os mercados e se construían as casas dos artesáns e mercadores chegando a converterse en cidades. Co tempo designou a toda cidade. Os habitantes dos burgos recibiron o nome de burgueses e constituíron un novo grupo social que non dependía do traballo da terra.

12. Que funcións cumprían as cidades medievais?

As cidades medievais desempeñaban distintas funcións: unhas eran sede dun bispado, outras dun condado, ou eran importantes centros económicos, culturais ou relixiosos.

13. Que espazos e edificios destacaron?

Na cidade destacaban os mercados, situados nunha praza aberta, a catedral, o concello e outros edificios como as casa dos gremios, lonxas ou universidades.

<https://www.youtube.com/watch?v=cVciKZ6MMKo>

A economía urbana

(páx. 112)

14. Onde traballaban os artesáns?

Os artesáns traballaban en pequenos talleres, situados na súa casa que servía tamén de tenda para vender os seu produtos.

15. Que era un gremio? Que obxectivos tiña?

Un gremio era unha asociación de artesáns dun mesmo oficio cuxo obxecto era controlar a calidade e os prezos dos produtos, regulaban os horarios, as festas, protexían aos seus membros en caso de enfermidade, ás viúvas ou os orfos, pagando unha cota.

16. Establece as categorías do gremio coas características que as diferenciaba. (páx. 113)

*Os gremios dividíanse en **mestre**, que era o dono do taller e dominaba o oficio; o **oficial**, un traballador que recibía un salario polo seu traballo; e os **aprendices**, que eran mozos que non cobraban e que recibían manutención mentres aprendía o oficio.*

17. Cales foron as causas da reactivación do comercio?

As causas da reactivación do comercio foron o incremento da produción agraria, o aumento do diñeiro e a maior seguridade dos camiños.

18. Onde se realizaba o comercio local? e o de longa distancia?

O comercio local se desenvolvía nas vivendas-taller e nos mercados semanais das cidades, e o de longa distancia nas feiras (normalmente de carácter anual).

Renovación cultural e relixiosa

(páx. 116)

19. Cando xorden as universidades?

Xurdiron a mediados do século XII impulsadas polos bispos e reis.

20. Que son as cruzadas? E as ordes militares?

As cruzadas foron expedicións militares para expulsar aos musulmáns dos Santos Lugares. As ordes militares eran milicias de carácter relixioso e militar cuxo obxecto era protexer aos peregrinos.

21. Cales eran as ordes mendicantes? Sabes por que se chamaban así?

As ordes mendicantes eran os franciscanos e dominicos. Eran chamadas así porque vivían das esmolas, xa que estaban situadas na cidade e non traballaban o campo.